



**Curso
2019/2020**

**Centro Autorizado Profesional de Música
"Cantiga"
Ourense**

**Adaptación Programación Didáctica
de Saxofón
Departamento Vento
Data: 11 Maio 2020**

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Profesor:

José Manuel Blanco López

Contido

1. Criterios de avaliación e mínimos esixibles.....	3
1.1. Criterios de avaliación.....	3
1.2. Mínimos esixibles.....	3
2. Avaliación e cualificación.....	4
2.1. Procedementos e ferramentas de avaliación.....	4
2.2. Cualificación final.....	5
2.3. Proba extraordinaria de setembro.....	6
2.4. Avaliación de materias pendentes e procedemento para a recuperación da 1ª – 2ª avaliación.....	7
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación).....	8
3.1. Actividades.....	8
3.2. Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade).....	9
3.3. Materiais e recursos.....	9
4. Información e publicidade.....	9
4.1. Información ao alumnado e ás familias.....	9
4.2. Publicidade.....	9

1. Criterios de avaliación e mínimos esixibles.

1.1. Criterios de avaliación.

- Dominar as escalas maiores e menores en todas as diferentes alteracións, e con distintas articulacións (valorar a posibilidade de reducir/flexibilizar o número de alteracións)
- Executar a escala cromática dende o Sib grave ata o Fa# agudo (valorar a posibilidade de reducir/flexibilizar a tesitura requirida)
- Coñecer e aplicar os medios para corrixila afinación cando sexa necesario
- Estudo do Vibrato con rítmicas sinxelas, así como a súa utilización nos diferentes estudos e obras.
- Coñecer e intentar controlar o proceso da inspiración e expulsión do aire (respiración diafragmática)
- Adoptar unha embocadura correcta e unha boa posición corporal que facilite a interpretación
- Uso adecuado dos diferentes matices e un son estable
- Estudar con regularidade mostrando así responsabilidade e compromiso
- Mostrar unha boa emisión de son
- Mostrar predisposición por tocar nos recitais propostos e autocontrol (ansiedade escénica) que permita unha boa interpretación
- Traballar o repertorio proposto en clase de orquestra-banda, e conxunto
- Atender a tódolos elementos que interveñen na interpretación: dicitación, fraseo, articulación, afinación, ritmo, etc.
- Coñecer as técnicas básicas que usamos para corrixir e adecuar as cañas
- Mostrar predisposición e interese pola practica instrumental dos diferentes instrumentos da familia do saxofón

- Mostrar preocupación polo estado e mantemento do instrumento, o propio saxofón. Coñecer os diferentes métodos de limpeza e axuste simples.

1.2. Mínimos esixibles.

- Afianzar o proceso da inspiración e expulsión do aire (respiración diafragmática)
- Colocar a embocadura correctamente e adoptar unha boa posición corporal, obtendo un son estable e unha correcta emisión
- Manter o hábito do estudio diario
- Preparar un repertorio de 3 obras de diferentes épocas e estilos (valorar a posibilidade de reducir/flexibilizar o número de obras) e a cantidade de estudos proposta polo profesor (valorar a posibilidade de reducir/flexibilizar o número de estudos)
- Dominar as escalas maiores e menores ata 5 alteracións (valorar a posibilidade de reducir/flexibilizar o número de alteracións)
- Executar a escala cromática ata o Fa# sobreagudo dende o Sib grave, mantendo un son estable (valorar a posibilidade de reducir/flexibilizar a tesitura requirida)
- 48 Etudes, W. Ferling, ata o 35 (e preciso reducir proporcionalmente o número de exercicios requiridos tendo en conta 1ª/2ª avaliación)
- 50 Etudes Faciles et progressives pour Saxophone ou Hautbois, Guy Lacour, (e preciso reducir proporcionalmente o número de estudos requiridos tendo en conta 1ª/2ª avaliación)
- Les Gammes Conjointes et en intervalles, J. M. Londeix (e preciso reducir proporcionalmente o número de estudos requiridos tendo en conta 1ª/2ª avaliación)

Na aplicación dos criterios de avaliación e mínimos esixibles respectivamente terase en conta en todo momento que o grao de profundización e destreza/técnica requiridos estarán baseados soamente na primeira e segunda avaliación.

De ser posible, ampliarase a materia impartida có fin de reforzar, recuperar ou ampliar as aprendizaxes realizadas dende a declaración do

estado de alarma polo Real Decreto 463/2020, sempre e cando beneficie ao alumnado (nunca minorando a cualificación).

De ser necesario, tendo en conta as circunstancias anteriormente referidas, poderse incorporar, a través das correspondentes programacións didácticas do vindeiro curso, parte do currículo que non se puidese desenvolver.

2. Avaliación e cualificación

2.1. Procedementos e ferramentas de avaliación.

- Probas interpretativas: teranse en conta as realizadas durante a 1ª/2ª avaliación e realizaranse por vía telemática (videoconferencia etc.) para o reforzo/ampliación/recuperación a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as calificacións)
- Probas orais: teranse en conta as realizadas durante a 1ª/2ª avaliación e valorarase a posibilidade de realización das mesmas por vía telemática (videoconferencia etc.) para o reforzo/ampliación/recuperación a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as cualificacións)
- Audicións internas: teranse en conta as realizadas durante a 1ª/2ª avaliación non sendo posible a realización a partir da declaración do estado de alarma.
- Observación sistemática: poderase establecer este procedemento para valorar as actividades de repaso/reforzo/ampliación/recuperación no caso de que sexa eventualmente posible a impartición de clase instrumental por vía telemática a partir da declaración do estado de alarma, deixando constancia dos resultados obtidos polo alumnado empregando o procedemento ordinario (caderno de seguimento do alumnado) e tendo en conta que en ningún caso minorarán as cualificacións.
- Técnicas audiovisuais: de ser o caso, enviarase por parte do alumnado material audiovisual (audio/vídeo) que sirva de referencia para valorar as aprendizaxes do alumnado a partir da declaración do estado de alarma (nunca minorando as cualificacións).

- Traballos de investigación e desenvolvemento: de ser o caso establecerase o procedemento telemático axeitado para o envío dos mesmos a partir da declaración do estado de alarma, tendo en conta o resultado soamente para incrementar a cualificación outorgada.
- Informes: de ser o caso establecerase o procedemento telemático axeitado para o envío dos mesmos a partir da declaración do estado de alarma, tendo en conta o resultado soamente para incrementar a cualificación outorgada.

2.2. Cualificación final.

Tendo en conta que se trata dunha materia baseada na práctica instrumental considérase que se trata dun proceso de evolución progresiva e continua, motivo polo que os resultados acadados polo alumnado na 2ª avaliación non están illados, senón que son froito do proceso de aprendizaxe e maduración técnica e persoal desde o comezo do curso académico, motivo polo que o cálculo da cualificación final será realizado mediante o seguinte procedemento:

Tomarase como referencia a cualificación obtida na 2ª avaliación tendo en conta o carácter continuo da materia e poderá incrementarse en "2" puntos en base ás actividades realizadas por vía telemática logo da declaración do estado de alarma (valoradas en todo caso tendo en conta os criterios de avaliación, mínimos esixibles e procedementos e ferramentas de avaliación establecidos na presente programación en apartados previos) nunca minorando a cualificación da 2ª avaliación.

2.3. Proba extraordinaria de setembro.

O alumnado que non acade unha cualificación positiva (puntuación de 5 ou superior) na avaliación final ordinaria terá dereito á realización dunha proba que será nos primeiros días do mes de setembro, nas datas fixadas pola dirección do centro educativo e á que será convocado coa debida antelación.

A devandita proba extraordinaria consistirá nunha interpretación práctica no instrumento baseada nos criterios de avaliación e mínimos esixibles reflectidos na presente programación.

Os criterios de cualificación que se aplicarán son os que seguen:

- Precisión técnica 50%
- Interpretación 50% (son, afinación, musicalidade, fraseo, interpretación).

Ante a eventual imposibilidade de realización dunha proba presencial tendo en conta a situación sanitaria, arbitraranse as medidas oportunas para a realización da proba extraordinaria empregando medios telemáticos, sendo igualmente de aplicación o deseño e avaliación da mesma referidos anteriormente.

No caso de tratarse dunha materia de carácter teórico será preciso establecer o instrumento que se empregará (proba escrita, proba oral, proba teórico-práctica, entrega de traballos etc...) e os criterios de cualificación que se aplicarán para a súa valoración (ponderación de aspectos técnicos e/ou outros criterios tomando como referencia o establecido para o cálculo da nota da avaliación final ordinaria na modificación da programación).

2.4. Avaliación de materias pendentes e procedemento para a recuperación da 1ª – 2ª avaliación.

MATERIAS PENDENTES DO CURSO ANTERIOR:

Neste caso concreto (2ºE.P) non procede establecer a avaliación de materias pendentes, nos restantes cursos de materias instrumentais sería preciso sinalar:

MATERIAS INSTRUMENTAIS:

As instrucións do 27 de abril de 2020 , da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia, no apartado 8. ENSINANZAS ELEMENTAIS E PROFESIONAIS DE MÚSICA E DANZA, punto 8.10, establece: "*A recuperación de materias pendentes relacionadas coa práctica instrumental, vocal ou de danza farase na clase do curso seguinte.*"

Partindo desta premisa, cualificarase ao alumnado en base ao referido na modificación da programación do curso anterior, tendo en conta que se realiza de forma integrada na materia instrumental do presente curso. As

actividades realizadas por medios telemáticos logo da declaración do estado de alarma centraranse en repasar, reforzar e recuperar aqueles aspectos da materia considerados imprescindibles tentando que o alumno sexa quen de superar a materia e evolucionar favorablemente nos vindeiros cursos.

De non contar con información obxectiva para a realización da avaliación de materias pendentes poderá realizarse unha proba alternativa por medios telemáticos (videoconferencia, envío de gravación de audio/vídeo... preferentemente por mecanismos similares aos empregados para a comunicación cós alumnado logo da declaración do estado de alarma) que será valorada cós mecanismos establecidos con carácter xeral.

MATERIAS TEÓRICAS:

No caso de materias teóricas, establecerase o procedemento concreto cós que se valorará ao alumnado (criterios de avaliación, mínimos esixibles, procedementos e ferramentas de avaliación e criterios de cualificación). Parece oportuno que se reflicta dun xeito similar que no apartado previo facendo referencia á modificación da programación do curso anterior, facendo constar, de ser o caso, os procedementos e ferramentas de avaliación (incluíndo os telemáticos) que se empregarán (en todo caso cómpre sinalar de maneira clara o tipo de proba coa que se avaliará ao alumnado e os criterios de cualificación que se empregarán para a valoración da mesma). No caso de que a programación da que se parte teña establecida unha secuenciación/temporalización dos contidos será preciso retirar aqueles que correspondan á 3ª avaliación.

PROCEDIMENTO PARA A RECUPERACIÓN DA 1ª-2ª AVALIACIÓN:

O alumnado que non acadase unha avaliación positiva na 1ª e/ou 2ª avaliación poderá recuperala mediante a realización de clases, probas e/ou envío de gravacións de audio/vídeo que serán valoradas tendo en conta o establecido na presente modificación da programación didáctica. As actividades realizadas por medios telemáticos logo da declaración do estado de alarma centraranse en repasar, reforzar e recuperar aqueles aspectos da materia considerados imprescindibles tentando que o alumno sexa quen de superar a materia e evolucionar favorablemente nos vindeiros cursos.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación).

3.1. Actividades.

Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores, tendo en conta que en ningún caso poderán minorar as cualificacións da 1º/2ª avaliación.

Para o alumnado que non adquirise as aprendizaxes imprescindibles nos dous primeiros trimestres do curso, proporánselle actividades que lles axuden a adquirilas e superar a materia, co obxectivo de que os alumnos e alumnas poidan continuar o seu proceso formativo.

Sería preciso explicitar o tipo de actividade que se realizará dependendo do curso/materia para o que se estea a redactar a programación didáctica.

3.2. Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade).

Deberá explicitarse a metodoloxía concreta que se está a empregar para o seguimento do alumnado aclarando os mecanismos para aqueles casos que non teñan a posibilidade de acceder a medios telemáticos e/ou conectividade.

3.3. Materiais e recursos.

Definir en cada caso os materiais e recursos telemáticos con que contan tanto os docentes coma o alumnado (teléfono móbil, internet, webex, Skype, correo electrónico etc....) así coma outros posibles recursos materiais.

4. Información e publicidade.

4.1. Información ao alumnado e ás familias.

A principal vía de comunicación có alumnado e familias será a plataforma "centrosnet" tendo en conta que é o mecanismo oficial e o medio empregado maioritariamente.

Empregarase igualmente a comunicación por email, videoconferencia e/ou outras que permita un seguimento continuo do alumnado e unha

comunicación fluída coas familias, garantindo así a evolución e progreso do alumnado.

4.2. Publicidade.

Cada docente informará ao seu alumnado e familias da presente programación didáctica a través de email/videoconferencia e/ou outros mecanismos.

Logo de recepcionadas as programacións didácticas, a dirección do centro procederá á publicación das mesmas na páxina web có fin de dar maior accesibilidade e visibilidade para toda a comunidade educativa, que igualmente será informada da citada publicación polos mecanismos referidos anteriormente.